

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

4390 *Real decreto 396/2017, do 21 de abril, polo que se modifica o Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social.*

Desde a entrada en vigor do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social, producíronse reformas legislativas de alcance xeral con repercusión no contido dalgúns dos seus preceptos.

Entre as reformas legislativas de alcance xeral habidas no noso ordenamento, encóntrase a aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O título II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece un réxime sancionador que se estrutura en tres ámbitos –infraccións en materia de conflito de intereses, en materia de xestión económico-orzamentaria e no ámbito disciplinario–, e determina, así mesmo, o procedemento que cómpre seguir e os órganos competentes tanto para a imposición da sanción que en cada caso corresponda como para a instrución do procedemento e, de ser o caso, comunicación ao Tribunal de Contas por se proceder a incoación do oportuno procedemento de responsabilidade contable. A reforma que se propón no artigo 4.2 incorpora o disposto na Lei 19/2013.

Pola súa vez, o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado mediante o Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, regula o cofinanciamento de contratos, circunstancia que xustifica que se determine o interventor competente para exercer a función interventora nos expedientes de contratación en cuxo financiamento participen varias entidades da Seguridade Social, o que xustifica a necesidade de modificar o artigo 8 do citado real decreto.

Por outra parte, tras a aprobación do Real decreto 661/2001, do 22 de xuño, polo que se modifican determinados artigos do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social, publicáronse diversas normas en relación coa Administración electrónica que obrigan a modificar o contido do dito real decreto para adaptalo a estas normas.

Entre tales normas cómpre sinalar a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, que deu resposta á necesidade de conferir seguridade nas comunicacións que permiten as novas tecnoloxías.

O noso ordenamento xurídico ten consagrada a relación coas administracións públicas por medios electrónicos como un dereito dos cidadáns e como una obriga correlativa para tales administracións.

En cumprimento diso, estanse a desenvolver aplicacións informáticas para xestionar determinados procedementos administrativos mediante a utilización de documentos en soporte electrónico e, por iso, faise necesario adaptar as normas reguladoras da función interventora, no ámbito da Seguridade Social, para efectos de incorporar nelas a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos no exercicio da dita función.

De acordo co anteriormente exposto, a través deste real decreto establécense as condicións que deberán reunir os documentos electrónicos para efectos do exercicio da función interventora e prevense os efectos que a incorporación destes documentos producirán sobre o momento e o prazo para o exercicio da citada función. Por outra parte, régúlase o sistema de información e comunicación a través do cal se deberá pór o expediente á disposición da Intervención para a súa fiscalización ou intervención previa, así como, de ser o caso, formalizar o seu resultado en documento electrónico.

Todo isto pon de manifesto a necesidade de modificar os artigos 13, 14 e 28.3 do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, e a inclusión de dous novos artigos: o 13 bis e o 13 ter.

Ademais, a implantación dos pagamentos que cómpre xustificar no ámbito das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social aconsella regular a fiscalización das ordes de pagamento que hai que xustificar e a intervención das contas xustificativas.

Por outro lado, a experiencia adquirida pola Intervención Xeral da Seguridade Social no proceso de designación de representantes para acudir aos actos de comprobación material dos investimentos, asistidos, de ser o caso, polos asesores designados, aconsella a necesidade de revisar algúns aspectos da regulación contida no artigo 25 do Real decreto 706/1997, do 16 de maio.

Por último, cómpre indicar que as modificacións que se abordan neste real decreto seguen a senda marcada polo Real decreto 109/2015, do 20 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, dado que o réxime de control aplicable no ámbito da Seguridade Social é similar ao que se aplica na Administración xeral do Estado.

Tendo en conta todo o sinalado, a base xurídica para adoptar este proxecto ampárase no artigo 147.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que establece que o Goberno, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, e por iniciativa da Intervención Xeral da Seguridade Social, aprobará as normas para o exercicio por esta última do control nas entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Emprego e Seguridade Social e por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 21 de abril de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social.*

O Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 4, «Deberes do persoal controlador», queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando, na práctica dun control, o interventor actuante aprecie que os feitos acreditados ou comprobados puideren ser susceptibles de constituír unha infracción administrativa ou dar lugar á exixencia de responsabilidades contables ou penais, actuará de acordo coas regras que se establecen a continuación:

a) Cando os feitos puideren ser constitutivos de delito, dará traslado das actuacións á Intervención Xeral da Seguridade Social, a cal remitirá o actuado ao órgano competente.

b) No caso de posibles infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria das previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que, non sendo constitutivas de delito, afecten presuntos responsables comprendidos no ámbito de aplicación da citada lei, dará traslado das actuacións á Oficina de Conflitos de Intereses.

c) Nas restantes infraccións en materia de responsabilidade contable non comprendidas na epígrafe b) anterior, observarase con carácter xeral o disposto no artigo 180 en relación co 177 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

d) No caso doutras posibles infraccións administrativas distintas das anteriores, darase traslado dos feitos aos órganos competentes das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

O interventor dará conta á Intervención Xeral da Seguridade Social dos informes remitidos ao Tribunal de Contas e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, en aplicación do disposto na epígrafe c).

Para efectos do disposto nas epígrafes a), c) e d) deste número 2, o órgano de control actuante axustará a súa actuación á normativa específica e ás circulares e instrucións aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado e, de ser o caso, pola Intervención Xeral da Seguridade Social.»

Dous. O número 1 do artigo 8, «Competencias», queda redactado da seguinte maneira:

«1. A función interventora nas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social exercerase en nome do interventor xeral da Administración do Estado do modo seguinte:

a) O interventor xeral da Seguridade Social exercerá a fiscalización previa dos actos de aprobación dos gastos seguintes:

1.º Os que deban ser aprobados polo Consello de Ministros ou polas comisións delegadas do Goberno.

2.º Os que supoñan unha modificación doutros que fiscalizase a Intervención Xeral da Seguridade Social.

3.º Os que deban ser sometidos a informe do Consello de Estado ou da Dirección Xeral do Servizo Xurídico do Estado.

b) Os interventores delegados, sen outras excepcións que as enumeradas na alínea anterior, exercerán en toda a súa amplitude a fiscalización e intervención dos actos relativos a gastos, dereitos, pagamentos e ingresos que ditén as autoridades das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social. A función exerceraa o interventor delegado cuxa competencia orgánica ou territorial se corresponda coa da autoridade que acorde o acto de xestión.

No suposto de concorrencia ao financiamento de contratos de distintas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, a que se refire o artigo 316.5 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, a función exerceraa o interventor delegado cuxa competencia orgánica ou territorial se corresponda coa do órgano de contratación.

Non obstante, o interventor xeral da Seguridade Social poderá avocar para si o coñecemento e fiscalización de calquera acto ou expediente que considere oportuno.»

Tres. O artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 13. *Momento e prazo de exercicio da función interventora.*

1. A Intervención recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os documentos, xustificantes e informes preceptivos emitidos e cando estea en disposición de que sexa ditado o acordo por quen corresponda, sen prexuízo do previsto no parágrafo terceiro do artigo 2.2 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado. Neste caso, a fiscalización, ademais de comprobar con anterioridade ao ditame do Consello de Estado as cuestións exixidas pola normativa vixente, con posterioridade ao dito ditame unicamente constatará a súa existencia material e o seu carácter favorable.

Os documentos electrónicos que formen parte do expediente orixinal deberán incorporar as sinaturas electrónicas necesarias, que garantan a identificación do

emisor, a súa autenticidade e a integridade e inalterabilidade do documento. Para tales efectos, admitiranse a sinatura ou o selo electrónico recoñecido ou cualificado e avanzado baseados en certificado electrónico recoñecido ou cualificado de sinatura ou selo electrónico expedido por prestadores incluídos na lista de confianza de prestadores de servizos de certificación, así como calquera outro sistema de sinatura que as administracións públicas consideren válido, nos termos e condicións que se establezan, para documentos asinados polo interesado, e no artigo 21 a) e b) do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, para documentos asinados polas administracións públicas, e axustarase ao disposto na política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado, publicada mediante Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas. Os documentos administrativos poderán estar asinados mediante certificado de selo electrónico dos previstos e admitidos na normativa aplicable. A súa remisión á Intervención efectuarase de acordo co previsto no artigo 13 bis.

2. A Intervención fiscalizará o expediente no prazo máximo de dez días contados desde o seguinte ao da data de recepción. Este prazo reducirase a cinco días, computados de igual forma, cando se declarase urxente a tramitación do expediente ou se aplique o réxime especial de fiscalización e intervención previa regulado nos artigos 19 e seguintes deste real decreto.

Cando o expediente estea integrado por documentos en soporte electrónico e en soporte papel, non se entenderá completo ata a data de recepción do último documento, xustificante e informe que forme parte daquel, segundo a relación de documentos que se debe xuntar tanto aos que se remitan en soporte papel como en soporte electrónico. A dita relación, que será xerada pola aplicación do órgano xestor en que se tramite o expediente ou pola aplicación informática desenvolvida pola Intervención Xeral da Seguridade Social prevista no artigo 13 bis 1, parágrafo segundo, incluirá necesariamente unha enumeración dos documentos constitutivos del con indicación do soporte, electrónico ou papel, en que se remite cada un deles. A relación que se xunte aos documentos electrónicos será devolta ao remitente no xustificante de recepción coa identificación asignada ao expediente. Esta relación será, ademais, arquivada no xestor documental da Seguridade Social para os efectos do control da súa integridade, e a que se xunte aos documentos en papel incorporará a sinatura manuscrita do remitente, así como a identificación do expediente asignada pola aplicación. O momento en que o expediente estea completo determina o inicio do cómputo do prazo para o exercicio da función interventora.

3. Cando a Intervención faga uso da facultade a que se refire o artigo 3.4, suspenderase o prazo de fiscalización previsto neste artigo e quedará obrigada a dar conta da dita circunstancia ao xestor.»

Catro. Engádesse un novo artigo 13 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. *Remisión do expediente á Intervención Xeral da Seguridade Social a través de sistemas informáticos.*

«1. A entidade xestora ou servizo común da Seguridade Social tramitará e formará o expediente electrónico nas súas propias aplicacións informáticas, desde onde incorporará os diferentes documentos do expediente ao xestor documental da Seguridade Social no cal se arquivará e custodiará.

A posta á disposición do expediente para a súa fiscalización ou intervención previa por parte da Intervención, así como a formalización do seu resultado en documento electrónico e a remisión posterior deste ao órgano xestor realizaranse exclusivamente a través dunha aplicación informática desenvolvida especificamente pola Intervención Xeral da Seguridade Social.

A citada aplicación informática porá á disposición do resto de aplicacións de xestión as interfaces necesarias para o intercambio tanto dos documentos que compoñen o expediente como dos datos asociados necesarios.

2. Os formatos admitidos para os documentos electrónicos incluídos no expediente, así como os do seu encapsulamento, estarán dentro dos admitidos na Norma técnica de interoperabilidade do catálogo de estándares.

3. No momento de comunicarse á referida aplicación que o expediente se remite e pon á disposición para a súa fiscalización ou intervención, xerárase un índice electrónico, asinado electronicamente, para efectos de garantir a súa integridade, permitindo a súa recuperación sempre que sexa preciso.

4. A Intervención fiscalizará ou intervirá o expediente formalizando os documentos electrónicos necesarios e, tras o seu rexistro, a través da citada aplicación, remitiráselle ao xestor documental da Seguridade Social para a súa incorporación ao expediente de que se trate.

5. O acceso ao aplicativo da Intervención en que se realizará a fiscalización ou intervención previa, por parte do persoal da Intervención, estará dotado dun procedemento de control que garantizará que só aqueles usuarios autorizados pola Intervención Xeral da Seguridade Social teñan posibilidade de acceder aos expedientes.

6. O sistema deberá garantir a inalterabilidade da documentación constitutiva do expediente fiscalizado ou intervenido, mantendo para a Intervención unha versión específica da documentación do expediente fiscalizado ou intervenido e da documentación en que se formalizase o resultado da dita fiscalización ou intervención.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 13 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 13 ter. *Formalización do resultado da función interventora.*

1. Cando a proposta e o acto ou resolución obxecto de fiscalización ou intervención previa se formalicen en documento electrónico, o resultado da fiscalización ou intervención formalizarase igualmente en documento electrónico que incorporará a sinatura electrónica do interventor competente.

Neste caso, a sinatura electrónica estará baseada en certificado electrónico dos previstos no artigo 21 a) e b) do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, para os documentos asinados polas administracións públicas, e axustarase ao disposto na política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado, publicada mediante Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

2. Cando a proposta e o acto ou resolución obxecto de fiscalización ou intervención previa se formalicen en documento en soporte papel con sinatura manuscrita, o resultado da fiscalización ou intervención formalizarase igualmente no dito soporte.»

Seis. O artigo 14 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 14. *Fiscalización e intervención de conformidade.*

A Intervención fará constar a súa conformidade mediante unha dilixencia asinada, sen necesidade de motivala, cando da verificación das cuestións a que se estenda a función interventora e do resultado das validacións efectuadas polas súas propias aplicacións informáticas, nos termos que se determinen mediante resolución da Intervención Xeral da Seguridade Social, o expediente obxecto de fiscalización ou intervención se axuste á legalidade.»

Sete. O título da sección terceira do capítulo IV do título II queda redactado como segue:

«Da fiscalización previa do fondo de manobra e ordes de pagamento que cómpre xustificar.»

Oito. Engádesse un novo artigo 22 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 22 bis. *Fiscalización previa das ordes de pagamento que cómpre xustificar.*

A fiscalización previa das ordes de pagamento que cómpre xustificar polas cales se poñen fondos á disposición dos órganos pagadores das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social verificarase mediante a comprobación dos seguintes requisitos:

- a) Que as propostas de pagamento que cómpre xustificar se basean nunha orde ou resolución de autoridade competente para autorizar os gastos a que se refiran.
- b) Que existe crédito e o proposto é o adecuado.
- c) Que se adaptan ás normas ditadas polos directores das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social regulando a expedición de ordes de pagamento que cómpre xustificar con cargo aos seus respectivos orzamentos de gastos.
- d) Que o órgano pagador, a cuxo favor se libren as ordes de pagamento, xustificou dentro do prazo correspondente o investimento dos fondos percibidos con anterioridade.

O incumprimento dos requisitos exixidos nos puntos anteriores motivará a formulación do reparo por parte da Intervención, nas condicións e cos efectos previstos na sección 1.^a do presente capítulo.

Non procederá o reparo por falta de xustificación de libramentos anteriores cando, para evitar danos no funcionamento dos servizos, o director da entidade xestora ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorice a expedición dunha orde de pagamento específica.»

Nove. Engádesse un novo artigo 22 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 22 ter. *Intervención das contas xustificativas dos pagamentos que cómpre xustificar.*

Na intervención das contas xustificativas dos pagamentos que cómpre xustificar procederase da seguinte maneira:

- a) Comprobarase que corresponden a gastos concretos e determinados en cuxa execución se segue o procedemento aplicable en cada caso, que son adecuados ao fin para o cal se entregaron os fondos, que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos ou servizos, e que o pagamento se realizou ao acredor determinado polo importe debido.
- b) A verificación das cuestións indicadas no parágrafo anterior realizarase examinando as contas e os documentos que xustifiquen cada partida, para o cal se poderán utilizar procedementos de mostraxe.
- c) Os resultados da verificación reflectiranse nun informe no cal o interventor manifestará a súa conformidade coa conta ou cos defectos observados nela. A opinión favorable ou desfavorable contida no informe farase constar na conta examinada, sen que este informe teña efectos suspensivos respecto da aprobación da conta.
- d) O órgano xestor aprobará, de ser o caso, as contas, que se remitirán posteriormente ao Tribunal de Contas.»

Dez. O artigo 25 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Comprobación material do investimento.*»

1. A intervención da comprobación material do investimento é a facultade da Intervención de verificar materialmente, antes do recoñecemento da obriga, a efectiva realización das obras, servizos e adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato ou encargo.

2. A intervención da comprobación material realizaraa o representante designado polo interventor xeral da Seguridade Social.

A designación dos funcionarios encargados de intervir a comprobación das prestacións ou servizos poderase facer tanto particularmente para un investimento determinado como con carácter xeral e permanente para todos aqueles que afecten unha entidade xestora ou servizo común da Seguridade Social, ou que afecten centros de xestión dependentes deles, en que se realice a función, ou para a comprobación dun tipo ou clase de investimento.

3. A designación de representante da Intervención Xeral da Seguridade Social efectuarase entre funcionarios da Intervención, asesorados, cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material, por funcionarios dos corpos da Administración da Seguridade Social ou, de ser o caso, da Administración xeral do Estado da especialidade a que corresponda a prestación ou servizo.

A designación do asesor efectuaraa o interventor xeral da Seguridade Social, entre funcionarios que non interviñesen no proxecto, dirección, adxudicación, celebración ou execución do gasto correspondente e, sempre que sexa posible, dependentes de distinta entidade xestora ou servizo común daquela ou aquel a que a comprobación se refira, que non interviñese na súa xestión, realización ou dirección. Cando non sexa posible designar asesor entre funcionarios pertencentes a corpos da Administración da Seguridade Social, poderá ser designado entre persoal que teña a preparación específica necesaria, de calquera ministerio ou organismo, logo de acordo co seu superior xerárquico.

A realización do labor de asesoramento na intervención da comprobación do investimento polos funcionarios a que se refire este punto considerarase parte integrante das funcións do posto de traballo en que estean destinados, e os seus superiores xerárquicos deberán colaborar na adecuada prestación deste servizo.

4. Os órganos xestores deberán solicitar da Intervención Xeral da Seguridade Social a designación de representante, para a súa asistencia potestativa á comprobación material do investimento, cando o importe deste sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido ou imposto equivalente, cunha antelación de trinta días hábiles ao da data prevista para a terminación da prestación obxecto do contrato ou encargo, entendéndose por tal a data de entrega ou realización total do investimento. Se a solicitude se refire a recepcións que se deban efectuar fóra de España, o prazo será de corenta e cinco días hábiles.

A solicitude de representante deberase axustar ao procedemento e modelo normalizado aprobado para tales efectos por resolución do interventor xeral, e deberá ir acompañada da documentación que se estableza nela.

Unha vez efectuada, de ser o caso, a designación de representante da Intervención, os órganos xestores deberanlle remitir a este a documentación necesaria para a comprobación material do investimento con antelación suficiente para o seu adecuado estudo.

5. A intervención da comprobación material do investimento realizarase, en todo caso, concorrendo o representante da Intervención Xeral da Seguridade Social e, de ser o caso, o asesor designado, ao acto de comprobación do investimento de que se trate.

O asesor designado deberá verificar que os aspectos técnicos do investimento se axustan ás prescricións do contrato ou encargo, criterio en que se baseará a opinión do interventor sobre os ditos aspectos.

6. Cando se aprecien circunstancias que o aconsellen, o interventor xeral da Seguridade Social poderá acordar a realización de comprobacións materiais do investimento durante a execución da prestación ou servizo por solicitude do interventor delegado a quen lle corresponda a súa fiscalización ou intervención.

7. O resultado da comprobación material do investimento reflectirase na acta que será subscribida por todos os que concorran ao acto de comprobación do investimento, na cal se farán constar, de ser o caso, as deficiencias apreciadas, as medidas que cómpre adoptar para emendalas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de comprobación. Na dita acta ou en informe ampliatorio os concorrentes poderán, de forma individual ou colectiva, expresar as opinións que xulguen pertinentes.

O representante da Intervención remitirá un exemplar da acta e, de ser o caso, dos informes ampliatorios á Intervención Xeral da Seguridade Social polo procedemento que esta determine.

8. Nos casos en que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, ou o interventor xeral da Seguridade Social non a acorde, en uso das facultades que a este se lle recoñecen, a comprobación do investimento xustificarse coa acta de conformidade asinada por quen participou nela ou cunha certificación expedida polo responsable da entidade xestora, servizo común a que corresponda recibir ou aceptar a prestación ou servizo, na cal se expresará, co detalle necesario, a circunstancia de terse executado a prestación ou servizo conforme as condicións xerais e particulares que fosen previamente establecidas.

9. A omisión da intervención da comprobación material do investimento cando esta intervención fose acordada polo interventor xeral da Seguridade Social impedirá que se poida recoñecer a obriga, tramitar o pagamento ou intervir favorablemente as actuacións ata que se emende a dita omisión nos termos previstos polo artigo 156 da Lei xeral orzamentaria.

Producirase o mesmo efecto nos supostos en que, resultando preceptivo, o órgano xestor non realizase a solicitude de designación de representante da Intervención para a súa asistencia ao acto de comprobación material do investimento.

10. En aplicación do disposto neste artigo, o interventor xeral da Seguridade Social poderá ditar as resolucións, circulares e instrucións que xulgue oportunas.»

Once. Engádesse un novo número 3 no artigo 28, «Da intervención material do pagamento, obxecto e contido», coa seguinte redacción:

«3. Cando o pagamento material se instrumente mediante ordes de transferencia a entidades de crédito, xeradas por medios e procedementos informáticos, o sistema de información a través do cal se obteñan as citadas ordes e os procedementos de remisión electrónica, deberán garantir en todo caso o exercicio das funcións de intervención previa nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria e no seu desenvolvemento regulamentario. Cando as ordes de transferencia estean formalizadas en documento electrónico, a intervención previa poderase formalizar no mesmo documento electrónico que conteña as ordes de transferencias mediante a correspondente sinatura electrónica que realizará o interventor competente a través do portasinaturas corporativo da Seguridade Social ou da aplicación que, de ser o caso, determine a Intervención Xeral da Seguridade Social.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o sistema de información a través do cal se obteña esta relación non sexa da propia Intervención Xeral da Seguridade Social, será obxecto de auditorías de seguridade para os efectos do exercicio da citada función interventora, con carácter previo á súa utilización e, posteriormente, nos termos e na forma que estableza a Intervención Xeral da Seguridade Social. Cando do resultado da auditoría de seguridade se deduzan irregularidades, a Intervención Xeral da Seguridade Social concederá un prazo para a súa adaptación

que, no caso de non ser atendido, suspenderá a utilización da aplicación para os efectos da xeración das correspondentes ordes de transferencias suxeitas ao exercicio da función interventora. Con independencia do anterior, a Intervención Xeral da Seguridade Social, á vista da natureza do defecto e das circunstancias concorrentes, poderá acordar a suspensión inmediata da utilización da aplicación para os efectos sinalados. Todo isto sen prexuízo das actuacións de revisión dos sistemas informáticos de xestión económico-financeira que cómpre desenvolver no ámbito do control financeiro permanente e a auditoría pública.

O anterior entenderase sen prexuízo dos procedementos de remisión electrónica das transferencias que poidan establecer as entidades de crédito.»

Doce. Engádesse unha nova disposición transitoria terceira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Utilización doutras aplicacións informáticas.*

O disposto nos artigos 13, 13 bis e 13 ter deste real decreto para os expedientes electrónicos non será de aplicación aos expedientes de prestacións económicas xestionadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social e o Instituto Social da Mariña, que se seguirán fiscalizando polos procedementos existentes na data de entrada en vigor deste real decreto.

Non obstante, o disposto nestes artigos será de aplicación aos ditos expedientes a partir do momento en que se acorde, mediante resolución conxunta da Intervención Xeral da Seguridade Social e da entidade xestora da Seguridade Social de que se trate, que estes se poñan á disposición da Intervención a través da aplicación a que se refire o artigo 13 bis.»

Trece. A disposición derradeira segunda, «Habilitación normativa», queda modificada como segue:

«O ministro de Facenda e Función Pública ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, sen que o dito desenvolvemento poida supor, en ningún caso, incremento do gasto público.»

Catorce. Engádesse unha nova disposición derradeira terceira coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa en materia de formatos de sinatura electrónica.*

Mediante resolución do interventor xeral da Administración do Estado, e por iniciativa da Intervención Xeral da Seguridade Social, poderá ser modificada a selección de formatos de sinatura electrónica a que se alude nos artigos 13 e 13 ter co fin de axustalos ás disposicións que en cada momento regulen a política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado, así como ás normas relativas ao exercicio da función interventora.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de abril de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO